

Cal é o aspecto máis interesante destas Conversas con Celso Emilio Ferreiro?

- Quizais sexa o feito de que pon á disposición dos lectores un conxunto de textos que amarelecían nas follas das hemerotecas; trátase de entrevistas en medios escritos nas que se recollen unha serie de manifestacións do autor ao redor de moi variados motivos.

-Manifestacións nas que Celso Emilio non se "cortaba" á hora de opinar...

- En absoluto. Calquera que lea o libro decátase disto, sobre todo nas entrevistas dos anos 70. O primeiro Celso Emilio que se rescata aquí, o das entrevistas dos anos 50 e mais dos 60, é moi consciente de para quen fala e de cales son os medios nos que as súas intervencións se van ver publicadas, e nelas creo que existe un pouco de auto-

que contestaba a este tipo de preguntas, antes de 1979, situaba fundamentalmente nos medios de comunicación e en factores castelanzantes.

-Tamén tiña unha opinión moi clara sobre o galeguismo, e sobre como se estaba a deturpar esta palabra.

- Así é. Desde o punto de vista da súa actividade política, hai páxinas deste libro onde se confesa claramente coma un nacionalista de esquerdas, e formado no marxismo como método de análise. El, ao fin e ao cabo, viña das Mocidades Galeguistas de antes do 36, das que foi alma mater xunto con Pepe Velo. Dende aquela, este espírito nacionalista non o vai abandonar, aínda que nos seus últimos anos ingresase no PSOE. Por outra banda, a acepción do termo *galeguista* sitúase, para el, nun confrontamento coa actitude de

"Hai momentos onde se confesa como un nacionalista de esquerdas"

determinadas persoas do núcleo Galaxia. Non hai que esquecer que en Galaxia publicou *Longa noite de pedra*, pero que nunca máis se volveu reeditar nesa editorial. É todo debido a polémicas ideolóxicas, e tamén persoais, con algunhas per-

soas do entorno Galaxia... Como se enfrontou aínda ao longo da súa vida con outras persoas e outras manifestacións de carácter ideolóxico. O libro tampouco quere obviar polémicas como a da *Viaxe ao país dos ananos*, a da estadia e experiencias en Venezuela ou as actividades que levou a cabo no Ateneo madrileño.

-Outro tema recorrente é a propia obra de Celso Emilio...

- É unha sección importante do libro, na que se recollen as súas manifestacións respecto da súa obra literaria. A maior parte das páxinas están vinculadas coa interpretación que fai da súa contribución poética, sempre con modestia, aínda que era consciente de que *Longa noite de pedra* fora un punto e aparte na literatura galega, e tamén nas expresións hispánicas naquela altura,




FOTO: ELÍ REGUEIRA

Ramón Nicolás

"Nestas páxinas hai un Celso Emilio moi sincero, que opina sen tabús nin autocensura"

Conversas con Celso Emilio Ferreiro (Edicións Xerais) é un paso máis no traballo que Ramón Nicolás vén desenvolvendo dende hai tempo arredor da figura do autor celanovés: un volume no que, trinta anos despois do seu pasamento, se rescata a súa voz e mais as súas palabras, espaxadas en centos de páxinas de xornais. Todo para dar conta das opinións do poeta sobre os máis diversos temas: a súa propia obra, a lingua, a política ou o galeguismo.

NATALIA ÁLVAREZ

censura. O Celso Emilio máis transparente, que non rexeita ningún tipo de polémica e que transmite a súa maneira de ser máis real, é o que responde ás entrevistas a partir da metade da década dos 70. Aí hai un Celso Emilio moi sincero, que non ten impedimentos para confesar o que opina, sen que haxa ningún tipo de tabú nin autocensura.

-Cales son eses temas sobre os que opinaba e que aparecen no libro?

- Despois de ter todo o material -que conseguín xuntar grazas tamén á colaboración da Fundación Celso Emilio Ferreiro-, optei por ordealo seguindo un criterio semellante ao que aplicara xa en *Entrevistas a Cunqueiro*. O libro recolle, entón, textos que permiten revisar algúns aspectos de carácter biográfico a través da súa propia voz. Non son todos, claro; son, talvez, os que a el lle parecían máis interesantes ou os que, dalgunha maneira, el se sentía cómodo de confesar. E despois hai moitas opinións sobre a súa propia obra literaria, sobre a literatura en xeral, sobre a política, sobre Galicia e tamén sobre a lingua. Coido que este é un dos aspectos que máis pode estar hoxe en día de actualidade, fundamentalmente pola vivencia da súa opinión e porque aí trasmitíase a voz dunha persoa que ten autoridade.

-Que manifestaba sobre a lingua?

- Era moi contundente respecto da importancia da continuidade da lingua galega, vinculándoa a unha razón de identidade e de normalidade do seu uso no noso país. Tampouco deixaba de evidenciar as ameazas que, naquel tempo no

xunto coa obra de Espriu ou Blas de Otero. Pero interésame salientar que tamén valoraba a súa obra narrativa; obra, ao meu ver, de moito interese. Mesmo hai algunhas páxinas nas que fala dos ensaios, que non están cingidos unicamente á biografía que fixo de Curros Enríquez, senón que hai outro moito material aínda disperso. Era consciente de que o traballo literario se diversificaba en moi distintos xéneros e non unicamente no poético, no que el, claro, insiste neses termos da antropoloxía, da súa estética, da poesía de dirección socialrealista, de reivindicación... que eran preguntas que cáseque sempre lle facían.

-Queda algo por descubrir de Celso Emilio?

- Estou convencido de que quedan moitísimas cousas. Por exemplo, cuestións relativas á súa obra de carácter ensaístico, na que se transmite un pouco a súa ideoloxía política, están aínda por darse a coñecer. Tamén pode ser tempo de ir abordando a realización dunha biografía un pouco máis extensa das que xa hai editadas. Ou a publicación do seu epistolario.

-Algunha carta si que incluíu no libro.

- Algunha hai, si. Pero existe todo un corpus, sobre todo de cartas recibidas, no Arquivo da Fundación Celso Emilio Ferreiro, que ten moitísimo interese, non só polo que atinxe a cuestións de carácter biográfico, senón sobre o que falabamos antes: a cuestión política e o seu posicionamento diante de determinados acontecementos ao longo da súa vida. E logo tamén hai pezas de carácter poético que aínda están sen editar. A verdade é que o Universo Celso Emilio da para moito.